

MÓDULO IMPARTIDO CONXUNTAMENTE POR

- EMILIO PINTOS SOTO / ATLETISMO, pax 1 - 9
- EMILIO PINTOS SOTO: NATACIÓN / SOCORRISMO, pax. 9 - 19

PROGRAMACIÓN ATLETISMO

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2020- 2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
	ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	CS02002	ANIMACIÓN E ACTIVIDADES FÍSICAS	SUPERIOR	PRESENCIAL

Módulo profesional

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
	Actividades físico-deportivas individuais (Atletismo)	1º	4	70+37,5	130

Profesorado responsable

Elaboración	EMILIO PINTOS SOTO
Impartición	EMILIO PINTOS SOTO

2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Competencias específicas e relativas ó módulo (saber e saber facer):

1. Deseñar e implementar programacións de ensino e animación de actividades físico-deportivas.
2. Aplicar os fundamentos científicos e didácticos no ensino das habilidades motrices básicas e específicas no contexto da animación e actividade físico-deportiva.
3. Analizar e executar as operacións precisas para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas individuais, de equipo e con implementos.

4. Confeccionar e implementar programacións de actividade básica de acondicionamento físico con rigor científico e didáctico e tendo en conta as características do público ó que se dirixen.
5. Dinamizar sesións de acondicionamento físico-deportivo nas que se optimicen as relación persoais e se fomenten hábitos saudables.
6. Contextualizar a profesión de animador de actividades físico-deportivas nos ámbitos de intervención social, ocio e turístico.
7. Comunicar de xeito eficaz a información verbal, escrita e xestual.
8. Aprender a aprender e a adaptarse os cambios tecnolóxicos, organizativos e sociais que prodúcense no tempo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

UD	Título	Descrición	Duración (sesións)
1	INTRODUCCIÓN Ó ATLETISMO	Descrición xeral, evolución histórica e análise das especialidades que o compoñen	5
2	REGULAMENTO, INSTALACIÓNS E MATERIAL	Coñecemento dos elementos regulamentarios fundamentais. Características das instalacións e dos materiais empregados nos eventos atléticos.	5
3	BIOMECÁNICA DA CARREIRA, DOS SALTOS E DOS LANZAMENTOS	Análise biomecánico e ferramentas para a avaliación da execución conforme os modelos de rendemento de referencia nas diferentes especialidades.	40
4	DIDÁCTICA DO ATLETISMO	Desenvolvemento das habilidades básicas e da condición física. Métodos e estratexias para o aprendizaxe de modelos técnicos de execución. Procedementos para a avaliación e a programación do ensino do atletismo nos diferentes contextos de aplicación.	35
5	PLANIFICACIÓN, DIRECCIÓN E AVALIACIÓN DO ADESTRAMENTO ATLÉTICO PARA A MELLORA DO RENDEMENTO E/OU O COIDADO DA SAÚDE	Confección de plans de adestramento, formulación de obxectivos, deseño de actividades/tafeas, aplicación de criterios metodolóxicos xerais e específicos de adestramento. Coñecemento e aplicación dos sistemas de avaliación para determinar o estado de forma, a evolución, a valoración do talento deportivo e o control da carga de esforzo. Avaliación e prescripción do exercicio.	35
6	O ATLETISMO RECREATIVO	Organización e execución de eventos atléticos de carácter recreativo	5
7	ATLETISMO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	Coñecemento e aplicación das especialidades ó adestramento e organización de actividades para persoas con discapacidade	5
TOTAL			130

4. Metodoloxía

Baseada no aprendizaxe práctico e contextualizado, con actividades que estimulen a investigación segundo a aplicación do método científico, a resolución de problemas reais e a evolución fronte un aprendizaxe autónomo, autorregulado e con emprego de TIC.

A práctica de tarefas contextualizadas, os traballos de investigación, os estudos de caso, a confección de apuntes, a elaboración de informes, os resumos, a construción mapas conceptuais, as buscas de información, a presentación de posters científicos, as actividades expositivas, a defensa de proxectos e os grupos de discusións serán as principais categorías de actividades a desenvolver durante as clases.

As prácticas desenvolveranse nas instalacións do Centro Galego de Tecnificación Deportiva e a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo.

5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

1. Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade.
2. O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
3. Permitirase ata un máximo de 15 PL /curso de faltas a clase para manter o dereito a avaliación continua.
4. Producirase a baixa de oficio do alumno/a no caso de inasistencia a clase de xeito continuado dende o primeiro día de clase ata 15 PL.
5. A acumulación de 3 retrasos superiores a 9 minutos suporán 1 falta de asistencia.
6. A acumulación de 5 retrasos inferiores a 10 minutos suporán 1 falta de asistencia.
7. Os retrasos inferiores a 10 minutos poderán ser equivalentes a retrasos superiores a 9 minutos en función do tempo do retraso acumulado.
8. A falta de realización das prácticas por lesión obriga á realización da ficha da sesión e a súa entrega no aula virtual nun prazo máximo de 2 días.
9. A efectos de avaliación, cada 3 faltas de realización das prácticas equivalen a 1 falta de asistencia.
10. Poderanse xustificar determinadas faltas de asistencia, sempre e cando estean debidamente documentadas e informadas ao profesor nun prazo máximo de 5 días:

enfermidade, exames oficiais, deber inexcusable de carácter público ou privado e calquera outra circunstancia persoal ou laboral que a xuízo do profesor poudera ser susceptible da súa xustificación.

11. A efectos de perda do dereito de avaliación continua e cálculo de k, 2 faltas xustificadas equivalen a 1 falta sen xustificar.
12. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria a cal farase con anterioridade a avaliación final do módulo.
13. O alumno/a que esgotara as convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria extraordinaria sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).
14. Como mínimo o alumno/a deberá ser capaz de:
 - a) Programar contidos atléticos tendo en conta os obxectivos e características individuais.
 - b) Xestionar as instalacións e os recursos materiais precisos para o desenvolvemento de actividades conforme a criterios de eficiencia e seguridade.
 - c) Organizar, dirixir e motivar sesións de atletismo nos diferentes contextos de aplicación.
 - d) Ensinar de xeito eficiente a técnica no atletismo.
 - e) Desenvolver de xeito eficiente a condición física precisa nos diferentes eventos atléticos.
15. Para a avaliación do módulo terase en conta:
 - a) O traballo do alumno/a (W); valorarase nunha escala 1 – 10 e suporá un 30 % da cualificación final. Para a avaliación dos traballos terase en conta a orixinalidade, a calidade da presentación, a coherencia na estrutura e contidos, a claridade expositiva, a capacidade de síntese, o tipo de linguaxe empregada e o respecto aos prazos de entrega. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas nos traballos realizados.
 - b) O aprendizaxe dos alumnos/as (L); valorarase nunha escala de 1 – 10 e suporá o 70 % da cualificación final. Os instrumentos de avaliación empregados serán de dous tipos: a realización de probas escritas de resposta múltiple e/ou resposta curta e a realización de probas prácticas relacionadas coa preparación e rendemento dos diferentes eventos atléticos. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas o longo do curso en cada unha das probas realizadas.

16. A cualificación final do módulo (F) valorarase nunha escala de 1 – 10 e calcúlase:

$$F = k \cdot (W \cdot 0,3) + L \cdot 0,7$$

17. O valor de k é un coeficiente de traballo no aula que terá en conta as faltas de asistencia do alumnado:

Faltas (pl)	k
0-2	1
3	0,9
5	0,8
7	0,7
8	0,6
9	0,5
10	0,4
11	0,4
12	0,3
13	0,2
14	0,1

c) A cualificación do bloque de contidos de atletismo suporá 4/11 da cualificación do módulo (Deportes individuais). A cualificación do bloque de contidos de Natación será 4/11 do módulo (Deportes individuais). Finalmente, a cualificación do bloque de contidos de Ximnasia será 3/11 do módulo (Deportes individuais).

d) Será requisito indispensable para unha avaliación positiva do módulo (Deportes individuais) unha cualificación mínima de 5 puntos en cada un dos bloques de contidos que constitúen o módulo (Atletismo, Natación e Ximnasia) .

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. As actividades de recuperación e apoio definiranse conforme os resultados obtidos polos alumnos/as nas avaliacións do 1º, 2º e 3º trimestre e centraranse de xeito concreto nos erros e as dificultades mostradas.
2. O marxe do tratamento específico destas actividades manterase un enfoque global e integrador dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do módulo.
3. Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, a investigación e o aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo, autorregulado e co emprego de TIC.

4. Se fose necesario o comezo do período de actividades faríase unha proba de diagnose complementaria para determinar con maior precisión as necesidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria a cal farase con anterioridade a avaliación final do módulo.
2. A proba extraordinaria de avaliación deberá medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia asociada ós bloques de contidos do módulo.
3. A proba poderá conter preguntas de resposta curta e/ou preguntas de resposta múltiple e/ou resolución de supostos prácticos e para obter avaliación positiva na mesma o alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de 5 nunha escala de 1 – 10.
4. A cualificación obtida polo alumno/a na proba extraordinaria será a súa cualificación final do módulo no curso e non poderá superar os 7 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. Faranse reunións de departamento para o seguimento da programación didáctica do módulo.
2. Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
3. O remate do curso e con anterioridade ó 30 de xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. *Temporalización:* a xuntanza de avaliación inicial farase despois de un mes a partir do comezo do curso.

2. *Obxectivos:*

- a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
- b) Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

3. *Metodoloxía:*

1. O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incidan no proceso educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de :

- a) Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
 - b) Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
 - c) O alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
 - d) Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
 - e) A experiencia profesional previa.
 - f) A matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
 - g) A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
2. O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.
3. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:

- a) Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro.

- b) Adaptación dos recursos de apoio.
- c) Flexibilidade para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).

2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:

- a) Actividades de reforzo individualizadas.
- b) Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.
- c) Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos.

9. Aspectos transversais

9.1 Programación da educación en valores

1. *Obxectivo:* exercer a cidadanía democrática desde dunha perspectiva global e adquirir unha conciencia cívica responsable inspirada polos valores da Constitución española e mais polos dereitos humanos, que fomente a construción dunha sociedade mais xusta e equitativa.
2. *Actividades:* análise e debates sobre principios e valores que recolle a Constitución española.
3. *Temporalización:* o longo do mes de decembro, preferentemente na súa primeira ou segunda semana.
4. *Avaliación:* compoñente da carpeta de aprendizaxe do 1º trimestre.

9.2 Actividades complementarias e extraescolares

1. Planificación, organización e execución de eventos atléticos en idade escolar.
-

MÓDULO IMPARTIDO POR

- EMILIO PINTOS SOTO / ATLETISMO
- EMILIO PINTOS SOTO: NATACIÓN / SOCORRISMO

NATACIÓN / SOCORRISMO

PROGRAMACIÓN MODULO DEPORTES INDIVIDUAIS NATACIÓN - SOCORRISMO 2020-21

Prof. Emilio Pintos Soto, IES Sánchez Cantón Pontevedra.

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2020 - 2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
	ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS	CS02002	ANIMACIÓN E ACTIVIDADES FÍSICAS	SUPERIOR	PRESENCIAL

Módulo profesional

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	horas anuais	Sesiões anuais
	ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS INDIVIDUAIS (NATACIÓN E HABILIDADES XIMNÁSTICAS)	1ºTSAAFD	6	140	168

Profesorado responsable

Elaboración	EMILIO PINTOS SOTO)
Impartición	EMILIO PINTOS SOTO

2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás

características do ámbito produtivo

En xeral, o alumno de 1º TSAAFD deberá ser capaz a través do módulo de Deportes Individuais: sinalamos en negrilla as capacidades a desenvolver máis directamente dende o ámbito deste módulo(1, 2, 3, 4, 7, 10, 14, 17.) e aparecen sen resaltar as capacidades: 5, 6, 8, 9, 11, 12, 13, 15 capacidades a desenvolver nos outros ámbitos do [currículo do ciclo TSAAFD](#) (ligazón) e nas que colaboraremos sentando as bases correspondentes neste módulo:

- 1. Diseñar e implementar programacións de ensino e animación de actividades físico-deportivas.**
- 2. Aplicar os fundamentos científicos e didácticos no ensino das habilidades motrices básicas e específicas no contexto da animación e actividade físico-deportiva.**
- 3. Analizar e executar as operacións precisas para o desenvolvemento de actividades físico-deportivas individuais.**
- 4. Confeccionar e implementar programacións de actividade básica de acondicionamento físico con rigor científico e didáctico e tendo en conta as características do público ó que se dirixen.**
5. Coñecer a lexislación vixente sobre seguridade e hixiene en instalación deportivas e os protocolos a seguir no caso de sinistros.
6. Dominar as técnicas de evacuación, rescate acuático e administración de primeiros auxilios.
- 7. Dinamizar sesións de acondicionamento físico-deportivo nas que se optimicen as relación persoais e se fomenten hábitos saudables.**
8. Empregar o xogo como recurso didáctico e de animación deportiva.
- 9. Contextualizar a profesión de animador de actividades físico-deportivas nos ámbitos de intervención social, ocio e turístico.**
10. Avaliar a calidade das actividades/servizos analizando a información que obtense dende diversas fontes (clientes, usuarios, traballadores, ...).
11. Comprender e aplicar o marco legal, económico e organizativo que regula e condiciona as actividades profesionais no ámbito da recreación deportiva.
12. Identificar os dereitos e obrigas que se derivan das relación laborais.
13. Seguir os procedementos establecidos e actuar de xeito eficaz fronte as contingencias.
- 14. Comunicar de xeito eficaz a información verbal, escrita e xestual.**
15. Resolver situacións conflitivas, tanto no entorno de traballo como nas relación cos clientes.

16. Buscar e empregar información que facilite o coñecemento e inserción no sector das actividades físico-deportivas.

17. Aprender a aprender e a adaptarse os cambios tecnolóxicos, organizativos e sociais que prodúcense no tempo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado (168 ss) para o desenvolvemento de cada unha (Natación / Socorrismo)

	Título	Descrición	Duración (sesións)
	INTRODUCCIÓN A NATACIÓN	Descrición xeral, evolución histórica e análise das especialidades que compoñen estas especialidades.	3
	INTRODUCCIÓN AO SOCORRISMO	Descrición xeral, evolución histórica e análise das especialidades que compoñen estas especialidades.	3
	REGULAMENTO, INSTALACIÓNS E MATERIAL NA NATACIÓN	Coñecemento dos elementos regulamentarios fundamentais. Características das instalacións e dos materiais empregados no desenvolvemento das actividades acuáticas, así como nos eventos que se desenvolven nestes ámbitos.	5
	REGULAMENTO, INSTALACIÓNS E MATERIAL NO SOCORRISMO	Coñecemento dos elementos regulamentarios fundamentais. Características das instalacións e dos materiais empregados no desenvolvemento do Socorrismo, así como nos eventos que se desenvolven nestes ámbitos	5
	BIOMECÁNICA DA NATACIÓN	Análise da técnica máis eficiente nos distintos estilos da natación (crol, espalda, braza e mariposa) , saídas e viraxes. Análise de modelos de referencia.	8
	BIOMECÁNICA DO SOCORRISMO	Análise da técnica máis eficiente nos distintos no Socorrismo. Análise de modelos de referencia.	8
	DIDÁCTICA DA NATACIÓN	Desenvolvemento das habilidades básicas e da condición física asociadas á Natación, Metodoloxía, estratexias e progresións para o ensino - aprendizaxe. Procedementos para a avaliación e a programación do ensino nos diferentes contextos de aplicación.	20
	DIDÁCTICA DO SOCORRISMO	Desenvolvemento das habilidades básicas e da condición física asociadas ao Socorrismo Metodoloxía, estratexias e progresións para o ensino - aprendizaxe. Procedementos para a avaliación e a programación do ensino nos diferentes contextos de aplicación.	20
	PLANIFICACIÓN, DIRECCIÓN E AVALIACIÓN DO ADESTRAMENTO EN NATACIÓN DE CARA Á MELLORA DO RENDEMENTO E/OU O COIDADADO DA SAÚDE	Confeción de plans básicos de adestramento con avaliación previa do nivel inicial de partida e obxectivos a conseguir polo deportista / usuario. Formulación de obxectivos a conseguir: deseño de actividades, tarefas, sesións e análise da evolución do rendemento do deportista / usuario do servizo deportivo que prestamos (Natación)	12

	PLANIFICACIÓN, DIRECCIÓN E AVALIACIÓN DO ADESTRAMENTO NO SOCORRISMO DE CARA Á MELLORA DO RENDIMENTO E/OU O COIDADO DA SAÚDE	Confección de plans básicos de adestramento con avaliación previa do nivel inicial de partida e obxectivos a conseguir polo deportista / usuario. Formulación de obxectivos a conseguir: deseño de actividades, tarefas, sesións e análise da evolución do rendemento do deportista / usuario do servizo deportivo que prestamos (SOCORRISMO)	12
	A NATACIÓN RECREATIVA	Organización e execución de eventos, sesións e programas de Natación de carácter recreativo:	12
	O SOCORRISMO RECREATIVO	Organización e execución de eventos, sesións e programas de SOCORRISMO de carácter recreativo:	12
	A NATACIÓN PARA GRUPOS ESPECÍFICOS (DISCAPACIDADE, MAIORES, E OUTROS).	Coñecemento, adaptación e aplicación das especialidades ó adestramento e organización de actividades para persoas de grupos específicos (Maiores, Discapacidade e outros) na natación	9
	O SOCORRISMO PARA GRUPOS ESPECÍFICOS (DISCAPACIDADE, MAIORES, E OUTROS).	Coñecemento, adaptación e aplicación das especialidades ó adestramento e organización de actividades para persoas de grupos específicos (Maiores, Discapacidade e outros) nas hab. ximnásticas	9
	A NATACIÓN E AS TICS	Aproveitamento das TICS para o desenvolvemento e aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos da Natación: traballo na aula virtual, Blog de aula, Wiki. Grabación, edición e subida a youtube de vídeos e presentacións con recursos, progresións, taboas de exercicios, quecemento, flexibilidade, etc para o desenvolvemento das unidades didácticas anteriores..	15
	O SOCORRISMO E AS TICS	Aproveitamento das TICS para o desenvolvemento e aprendizaxe dos contidos teóricos e prácticos do Socorrismo:traballo na aula virtual, Blog de aula, Wiki. Grabación, edición e subida a youtube de vídeos e presentacións con recursos, progresións, taboas de exercicios, quecemento, flexibilidade, etc para o desenvolvemento das unidades didácticas anteriores..	15

4. Metodoloxía

METODOLOXÍA: alternaranse as actividades dirixidas polo profesorado e especialistas coas prácticas monitorizadas e titorizadas co alumnado con distintas técnicas de ensino, utilizando como base a metodoloxía directiva de cara a optimización do tempo, espazo e material dispoñibles.

Os contidos a desenvolver a nivel teórico desenvolveranse a través da aula virtual donde o alumnado terá vídeos e recursos TIC que servirán de apoio ó desenvolvemento dos contidos teóricos e prácticos desenvolto nas sesións.

Na aula virtual utilizaremos un foro de comunicacións para as comunicacións e solución de dudas. Tamén haberá recursos, apuntamentos, tarefas e buzóns ou espazos de entrega das mesmas.

O alumnado levará un portfolio da materia conforme a o guión detallado na aula virtual do curso e realizará as fichas de sesión coas descripcións e debuxos dos exercicios realizados en cada sesión conforme ó calendario de sesións adxudicadas ó alumnado. O alumnado recopilará ademais os contidos teóricos explicados nas prácticas de pabellón e piscina estando moi atento ós aspectos metodolóxicos e á xustificacións e aclaracións sobre as tarefas.

A forma de examen teórico poderá ser a través de examen escrito, tipo test, pregunta corta sobre os apuntamentos e contidos de aula e aula virtual. Tamén poderán

realizarse comentarios ou tarefas teórico - prácticas de análise dun video ou práctica real con execución de habilidades deportivas (Natación / Hab. Ximnásticas) nas que o alumnado deberá analizar a metodoloxía, técnica ou organización da actividade filmada co obxectivo de que o alumnado procese a información e elabore plans de traballo ou plans de corrección dos defectos ou técnicas observadas.

Traballarase a técnica de expresión escrita, a descripción, terminoloxía e o debuxado dos exercicios de progresións de aprendizaxe.

Traballarase a filmación e fotografiado de tarefas motrices e materiais para o o deseño de recursos de aula, así como para a avaliación da técnica e corrección de defectos. Estas actividades realizaranse exclusivamente no horario do módulo DIND (Natación e Ximnasia) e conforme á normativa do módulo sobre uso de dispositivos de videograbación e fotografiado disposta na aula virtual (enlace).

No horario restante da sesión non afectada por esta autorización, así como no resto da xornada escolar do alumnado, terase en conta a normativa do Regulamento de Réximen interno do Instituto Sánchez Cantón no que se prohíbe expresamente o uso de móbiles no centro.

5. **Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e criterios de cualificación**

1. Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade.
2. O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
3. Permitirase ata un máximo de 10% da carga lectiva asignada /curso de faltas a clase para manter o dereito a avaliación continua.
4. Producirase a baixa de oficio do alumno/a no caso de inasistencia a clase de xeito continuado dende o primeiro día de clase ata un máximo de 10% da carga lectiva asignada
5. A acumulación de 3 retrasos superiores a 9 minutos suporán 1 falta de asistencia.
6. A acumulación de 5 retrasos inferiores a 10 minutos suporán 1 falta de asistencia.
7. Os retrasos inferiores a 10 minutos poderán ser equivalentes a retrasos superiores a 9 minutos en función do tempo do retraso acumulado.
8. A falta de realización das prácticas por lesión obriga á realización da ficha da sesión e a súa entrega no aula virtual nun prazo máximo de 2 días.
9. A efectos de avaliación, cada 3 faltas de realización das prácticas equivalen a 1 falta de asistencia.
- 10.
11. Poderanse xustificar determinadas faltas de asistencia, sempre e cando estean debidamente documentadas e informadas ao profesor nun prazo máximo de 5 días: enfermidade, exames oficiais, deber inexcusable de carácter público ou privado e calquera outra circunstancia persoal ou laboral que a xuízo do profesor poudera ser

susceptible da súa xustificación.

12. A efectos de perda do dereito de avaliación continua e cálculo de k, 2 faltas xustificadas equivalen a 1 falta sen xustificar.
13. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria a cal farase con anterioridade a avaliación final do módulo.
14. O alumno/a que esgotara as convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria extraordinaria sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).
15. Como mínimo o alumno/a deberá ser capaz de:
 - a) Programar contidos de Natación e Ximnasia tendo en conta os obxectivos e características individuais.
 - b) Xestionar as instalacións e os recursos materiais precisos para o desenvolvemento de actividades conforme a criterios de eficiencia e seguridade.
 - c) Organizar, dirixir e motivar sesións de Natación e Ximnasia nos diferentes contextos de aplicación.
 - d) Ensinar de xeito eficiente a técnica nas especialidades deportivas de Natación e Ximnasia
 - e) Desenvolver de xeito eficiente a condición física precisa nos diferentes eventos ximnásticos e acuático.
16. Para a avaliación do módulo terase en conta:
 - a) O traballo do alumno/a (W); valorarase nunha escala 1 – 10 e suporá un 30 % da cualificación final. Para a avaliación dos traballos terase en conta a orixinalidade, a calidade da presentación, a coherencia na estrutura e contidos, a claridade expositiva, a capacidade de síntese, o tipo de linguaxe empregada e o respecto aos prazos de entrega. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas nos traballos realizados.
 - b) O aprendizaxe dos alumnos/as (L); valorarase nunha escala de 1 – 10 e suporá o 70 % da cualificación final. Os instrumentos de avaliación empregados serán de dous tipos: a realización de probas escritas de resposta múltiple e/ou resposta curta e a realización de probas prácticas relacionadas coa preparación e rendemento dos diferentes eventos atléticos. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas o longo do curso en cada unha das probas realizadas.
17. A cualificación final do módulo (F) valorarase nunha escala de 1 – 10 e calcúlase:

$$F = k \cdot (W \cdot 0,3) + L \cdot 0,7$$

18. O valor de k é un coeficiente de traballo no aula que terá en conta as faltas de asistencia do alumnado:

Faltas (pl)	k
0-2	1
3	0,9
5	0,8
7	0,7
8	0,6
9	0,5
10	0,4
11	0,4
12	0,3
13	0,2
14	0,1

- c) A cualificación do bloque de contidos de Natación e Ximnasia de xeito conxunto suporán os 7/11 da cualificación do módulo (Deportes individuais), tendo en conta que a cualificación do bloque de contidos de Atletismo será de 4/11 do módulo (Deportes individuais).
- d) Será requisito indispensable para unha avaliación positiva do módulo (Deportes individuais) unha cualificación mínima de 5 puntos en cada un dos bloques de contidos que constitúen o módulo (Atletismo, Natación e Ximnasia).
- e) De cara ao cálculo final da media do módulo na parte de natación / ximnasia calcularase conforme aos seguintes porcentaxes das cualificacións obtidas en cada trimestre: **1º trimestre 30%, 2º trimestre 30%, 3º trimestre 40%, tendo que ter unha cualificación mínima de 5 puntos en cada trimestre ou recuperación.**

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Realizarase un exame teórico de recuperación de cada trimestre ou un traballo alternativo proposto polo profesorado a través da aula virtual. O alumnado deberá ademáis presentar as fichas de sesión correspondentes ao trimestre e todas as tarefas da aula virtual calificadas con al menos 5 puntos, así como as fichas de sesión correspondentes antes do seguinte trimestre.
2. Realizarase un exame práctico de recuperación ou poderase desenvolver un traballo co programa de mellora a realizar polo alumnado ou para un cliente virtual ao que irá dirixido conforme a plantilla de presentación ofertada polo profesorado.
3. O alumnado que recupere o trimestre/s suspenso/s, obterá unha cualificación que substituirá a que inicialmente acadara para o cálculo da cualificación do curso como o resto dos seus compañeiros/as.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o

alumnado con perda de dereito a avaliación continua

1. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar unha proba extraordinaria a cal farase con anterioridade a avaliación final do módulo.
2. A proba extraordinaria de avaliación terá unha **parte teórica** e unha **parte práctica** onde poderán ser avaliados contidos desenvoltoos nesta programación, contidos de aula a nivel práctico, contidos desenvoltoos a través da aula virtual e mínimos esixibles nas probas prácticas realizadas durante o curso.
3. A cualificación obtida polo alumno/a na proba extraordinaria será a súa cualificación final do módulo no curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación, avaliación da propia práctica docente e memoria.

1. Durante o desenvolvemento de cada trimestre comunicarase á xefatura de departamento nas reunións preceptivas as incidencias no seguimento da programación didáctica do módulo, facendo unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
2. Informarase ó titor de 1º TSAAFD periódicamente sobre a marcha do curso e o seguimento das faltas e as incidencias relativas a calificacións sobre as que poidan solicitar información o alumnado e familias.
3. O remate do curso e conforme ós prazos dados pola administración redactarase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación de propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

8. Medidas de atención á diversidade

Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. TEMPORALIZACIÓN: A xuntanza de avaliación inicial farase despois de un mes a partir do comezo do curso.
2. OBXECTIVOS:
 - a. Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
 - b. Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
3. METODOLOXÍA:

1. O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incidan no proceso

educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de :

- a. Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
 - b. Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
 - c. O alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
 - d. Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
 - e. A experiencia profesional previa.
 - f. A matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
 - g. A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
2. O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.
 3. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:
 - a. Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro.
 - b. Adaptación dos recursos de apoio.
 - c. Flexibilización para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).
2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:
 - a. Actividades de reforzo individualizadas, adaptación dos métodos de aprendizaxe, engadindo estratexias e exercicios axeitados para que o alumnado supere as dificultades atopadas co sistema ou progresión xeral plantexada. No caso dos TSAAFD, precisamente este tipo de situacións didácticas aproveitanse de xeito positivo para que o alumnado coñeza como solucionar moitos problemas de aprendizaxe que se atopará no exercicio da súa profesión.
 - b. Adaptación das probas de avaliación de tipo cualitativo e deseño de plans de mellora

específicos.

9. Aspectos transversais

Programación da educación en valores

1. **OBXECTIVO:** exercer como cidadanos responsables no desenvolvemento das funcións encomendadas nos roles de alumno e futuro técnico e personal responsable de actividades dirixidas en entornos de práctica e con clientes de distintos ámbitos de idade ós que debemos de amosar unha conciencia cívica no desenvolvemento do noso traballo e responsabilidade
2. **ACTIVIDADES:** análise e debate sobre principios relativos á importancia de distintos aspectos que inciden no concepto de profesionalidade no traballo: puntualidade, preparación, atención correcta ó clientes, respecto ós regulamentos, igualdade de trato ós alumnos, respecto das diferencias e promoción da igualdade entre sexos conforme ós valores da Constitución.
3. **TEMPORALIZACIÓN:** o longo do curso, incidendo nestes aspectos en distintas situacións que irán dándose durante nas clases ou situacións laborais ou con motivo de noticias en medios de comunicación.
4. **AVALIACIÓN:** a través do apartado de actitudes e tamén avaliable a través de tarefas específicas de comentario de noticias ou situacións de clase que observamos no centro ou nas instalacións donde se desenvolven as prácticas.

Actividades complementarias e extraescolares

1. Colaboración dentro do proxecto deportivo do centro para o desenvolvemento, animación e dinamización das actividades de recreo
2. Deseño, planificación e organización dun evento ximnástico.
3. Deseño, planificación e organización dun evento acuático.
4. Participación na semana branca de Andorra do alumnado de 1º e 2º TSAAFD
5. Colaboracións do alumnado como voluntariado no desenvolvemento de eventos de organización externa: competicións de ximnasia, natación e triatlón a coordinar con clubs da cidade / CGTD , ONGs ou Oficina do voluntariado.
6. Visitas a adestramentos de clubs de Natación, Waterpolo e Ximnasia).
7. Desenvolveranse sesións con especialistas nas disciplinas de: aquagym e natación para bebés e outras.
8. Desenvolvemento de sesións con especialistas: ximnasia hipopresiva, parkour e outras.
9. Desenvolvemento de outras sesións noutros ámbitos do currículo que poidan surxir por oferta externa, proposta do alumnado ou en colaboración con asociacións, clubs ou entidades privadas.

10. Anexos á programación

SOBRE O USO DA AULA VIRTUAL NO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN:

O alumnado de 1º TSAAFD ten adxudicado un usuario e contrasinal que lle é comunicado na primeira sesión do curso. O email debe ser incluído tamen para manter a operatividade das comunicacións do foro. Nas primeiras sesións preséntase ó alumnado o curso existente na aula virtual para o desenvolvemento do módulo de deportes individuais. O alumnado dispón de tutoriais e prácticas para a familiarización e

coñecemento do entorno e uso dos espazos, aplicacións e nubes a utilizar.

No curso o alumnado accede á seguinte información: programación de aula, mínimos exisibles e criterios de calificación, así como a normativa a aplicar no módulo, aula de informática, instalacións, etc, observando ademais a descripción e vídeos dalgunhas das probas de avaliación a desenvolver no curso.

Logo desta sesión e unha vez solventados os problemas que aparecen nos primeiros días, o foro queda fixado como elemento de comunicación do mdulo e o curso da aula virtual é o elemento transmisor de recursos e tarefas que complementan ós apuntamentos de aula.

Adxuntamos a continuación ligazón ao espazo aberto no que se publicita a programación de Natación / Socorrismo:

Publicidade da programación:

Esta programación está publicada na web do centro en aberto na páxina do Departamento de Educación Física, a disposición do alumnado de 1º TSAAFD no curso aberto para o Módulo de Deportes Individuais.

A programación será presentada ó alumnado nos primeiros días de clase do curso, remítese así mesmo unha copia á xefatura de Departamento para o seu envío a Xefatura de Estudios e Delegación. de Educación

Asdo.: